

MEU PONTEVEDRA
CAMIÑADAS CON CASTELAO



EDITA: CONCELLO DE PONTEVEDRA. SNL

TEXTO: ROBERTO RIVAS

ILUSTRACIÓNS, DESEÑO E MAQUETACIÓN: ANA SEOANE

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO

IMPRESIÓN: DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

DEPÓSITO LEGAL: PO 43-2017

Agradecemos a autorización para a reprodución: do relato “Sabela” e dos fragmentos da obra literaria de Castelao aos herdeiros de Castelao e á Editorial Galaxia;

da obra gráfica de Castelao ao Museo de Pontevedra e da obra de Laxeiro *O manancial da vida* a Afundación.

NESTE ROTEIRO IMOS TENTAR SEGUIR OS PASOS DE CASTELAO
POR PONTEVEDRA E FALAR DA FIGURA DO ARTISTA NA BOA VILA,
NA QUE SEN DÚBIDA FOI A SÚA ETAPA MÁIS PROLÍFICA E, SOBRE
TODO, MULTIFACÉTICA.

APROVEITAMOS O PASEO PARA RECORDAR OUTROS FITOS DA
HISTORIA DA CIDADE.

Non esquezamos que se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma.

Castelao, Sempre en Galiza



A SÚA PONTEVEDRA, A DE TODOS E A DE TODAS

Para achegarse á historia da cidade de Pontevedra é necesario atender a unha referencia capital da cultura e da política entre os anos 1916 e 1936, que non é outra que a do ilustre Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. O poliédrico artista, aínda que rianxeiro de nacemento, destacou sempre a importancia dos case vinte anos que pasou na Boa Vila na súa traxectoria vital e, por suposto, na profesional. Se un quere percorrer a cidade e ulir e sentir a presenza de Castelao pódoo facer en multitude de recunchos que agochan unha relación moi directa co intenso periplo que levou a cabo o artista nesta cidade.

Que Pontevedra fose o núcleo central dalgún dos fitos máis relevantes que se levaron a cabo en Galiza desde a creación das Irmandades da Fala ata o alzamento fascista de 1936 débelle moito á figura do noso compañeiro Daniel. A sociedade pontevedresa, coa cal se involucrou na maior parte das actividades culturais que xurdiron naquela época, bebeu en gran medida do que Castelao creou, ao igual que o mesmo autor se inspirou en toda a dinámica da vila para desenvolver o seu bo quefacer artístico. Precisamente todas estas pegadas que hoxe en día se poden observar e gozar paseando pola cidade teñen na figura do rianxeiro a mellor das guías para ver con perspectiva histórica o que nos ofrece a Pontevedra de hoxe. Uns espazos para que a cidadanía sexa a protagonista e para a xente que veña de fóra se atope con pegadas cargadas de simbolismo e sobre todo de amor por esta terra.

Saúdo ademais con especial énfase o bo tratamento que achamos nesta publicación dun elemento fundamental da cidade como é o Museo de Pontevedra, en cuxa creación

Castelao tivo un papel destacado. Cada un dos seus seis edificios é parte importante dun percorrido no que non só se coñece a vila, senón toda a historia de Galiza.

Cando se conmemoran cen anos neste 2016 da chegada de Castelao á vila do Lárez, con esta guía non cabe máis que adentrarse na súa historia pasada para gozar da presente e preservar a futura. Porque a súa Pontevedra é a de todos e a de todas.

Xosé Leal Fariña

Deputado de Cultura e Lingua

A LUZ QUE MÁIS LOCE DE PONTEVEDRA

Un dos grandes atractivos de Pontevedra é o enorme protagonismo que a máis esgrevia figura da cultura e a política galega contemporánea tivo nos anos de maior bulir desta cidade, xusto antes da cornada franquista do 36 contra a democracia e o autogoberno de Galiza.

Hoxe, máis aló da reivindicación da nosa memoria histórica, temos en Castelao, como en Bóveda e tantos outros intelectuais que guiaron a vida social da Pontevedra de entón, un motivo de orgullo, de autoestima e unha grande oportunidade de coñecemento e admiración.

Ademais do grandísimo patrimonio que alberga o Museo de Pontevedra, a cidade mesma convértese, a través desta ruta, nun auténtico museo urbano a través do que percorrer a vida de Castelao, que é como dicir a vida urbana na época en que a nosa cidade emitía a luz máis nidia do século XX.


Paseade por estas rúas vivas e cheas de xente, recuperadas tanto da triste e erma pobreza do franquismo, como do caótico aspecto motorizado que tiñan antes da transformación de Pontevedra. Hoxe telas ao teu dispor para gozar do mellor Castelao, que é tamén a mellor Pontevedra de sempre.


Miguel Anxo Fernández Lores

Alcalde de Pontevedra

ITINERARIO

1. CAFÉ MODERNO. PRAZA DE SAN XOSÉ
2. RÚA DA OLIVA
3. PRAZA DA FERRARÍA
4. PRAZA DA VERDURA
5. PRAZA DA LEÑA
6. IGREXA DE SAN BARTOLOMEU
7. SEXTO EDIFICIO DO MUSEO DE PONTEVEDRA
8. PRAZA DA PEDREIRA
9. RÚA CÉSAR BOENTE
10. PRAZA DE MÉNDEZ NÚÑEZ
11. RÚA REAL
12. PRAZA DAS CINCO RÚAS
13. PRAZA DO TEUCRO
14. TEATRO PRINCIPAL
15. PRAZA DE SANTA MARÍA





I. CAFÉ MODERNO. PRAZA DE SAN XOSÉ


O edificio modernista do Café Moderno foi un dos cafés faladoiro cos que contaba a cidade. Castelao participaba asiduamente nos faladoiros escoitando os vellos republicanos; alí bosquexáronse as futuras decisións políticas e culturais que se tomaron na cidade.


Nas súas mesas é moi posible que Castelao preparase as estampas humorísticas que publicaba na época en varios xornais.

A restauración do edificio foi dirixida por Álvaro Siza Vieira e no xardín, de inspiración indiana con cenador e vexetación foránea, destaca unha escultura de gran tamaño de Castelao realizada en pedra por Leiro.

MÁIS COUSAS:

- O grupo escultórico do Faladoiro
- Zona do primeiro ensanche, paso obrigado á estación do tren
- As dúas Fontes da Vida de Laxeiro






2. RÚA DA OLIVA

No número 10 desta rúa foi onde viviron máis anos Castelao e Virxinia, e onde realizou a maior parte da súa obra gráfica e literaria. Na súa casa foron incautados tras o golpe militar de 1936 a súa biblioteca e moitos cadros que alí conservaba e que hoxe en día están custodiados no Museo de Pontevedra.

Nesta rúa atopábase tamén a imprenta de Julio Antúnez, onde se publicou no ano 1929 a súa obra *As cruces de pedra na Bretaña*. Este álbum xurdiu dunha viaxe realizada na compañía de Virxinia Pereira co fin de superar a morte de Alfonsiño, o seu único fillo, acaecida no ano 1928.






3. PRAZA DA FERRARÍA

O autor de Rianxo chega a Pontevedra no ano 1916 para tomar posesión da súa praza como funcionario de Estatística. Desde ese momento participa achegando debuxos para a restauración do rosetón da igrexa de San Francisco e para a recolocación da vella fonte da Ferrería na súa actual situación da praza de Ourense. Súa tamén é a proposta para a recreación da procesión da borriquiña no Domingo de Ramos, arrinque da Semana Santa pontevedresa; Castelao trouxo esta idea da súa viaxe a Francia.

MÁIS COUSAS:

- . Pontevedra é Boa Vila e dá de beber a quen pasa...
- . A Pontevedra gremial
- . A muralla de Pontevedra
- . A Feira Franca







4. PRAZA DA VERDURA

Pechando esta praza atópase a Casa do Macelo, que dende finais do século XIX se converte na fábrica da luz. Este amplo espazo a principios do século XX queda baleiro, polo que Castelao pode usalo para a creación dos seus proxectos escenográficos. Non só realiza aquí a escenografía e máscaras de *Os vellos non deben de namorarse*, senón que tamén crea escenografías para a Coral Polifónica de Pontevedra, entidade da que é fundador xunto con Antón Losada Diéguez.

MÁIS COUSAS:

.A Feira Vella





- Yo soy tan gallego como tú, el gallego
no lo hablo, pero lo entiendo...

- Igualiño que o meu can, o galego
non o fala, pero carallo si o entende!!!!


5. PRAZA DA LEÑA

Castelao xunto con Daniel de la Sota e Sánchez Cantón foron os máis senlleiros do grupo de pontevedreses que no ano 1927 fixo realidade o soño de Losada Diéguez de facer un museo de Galiza e para os galegos. Colaborou cedendo ao Museo pezas como unha estela romana atopada na Estrada, preto da casa da súa muller, ou o varal do cruceiro da praza da Leña.

No ano 1936 os militares incautáronse das obras e do material que había no piso da rúa da Oliva, e foi o Museo quen recuperou todo. Despois da morte de Castelao a súa viúva cedeu ao Museo o resto do material; na actualidade a maior parte da súa obra está depositada no Museo de Pontevedra agás o material que se atopa en Bos Aires, que ten un fondo valor simbólico.

MÁIS COUSAS:

- . A necesidade da leña nunha cidade sen gas nin luz eléctrica
- . O cruceiro
- . Os distintos edificios do Museo





6 . IGREXA DE SAN BARTOLOMEU

Castelao preocupouse moito por recoller as tradicións e a historia de Pontevedra. Foi a súa relación con Casto Sampedro e demais membros da Sociedade Arqueolóxica o que iniciou a etapa máis prolífica da recuperación histórica da cidade.


MÁIS COUSAS:


. Os xesuítas en Pontevedra

. A Festa do Demo

A nosa tradición revélase no idioma, no espírito, na cultura, na arte, no xeito de vivir e de pensar, no sentido transcendente da vida e da morte, no afán de universalidade e de particularidade, no amor á xustiza e ás boas formas de convivencia, na identificación amorosa coa terra, na esperanza dun mundo mellor, na predisposición á poesía... A tradición é todo aquilo que endexamais nos traizoará.

Castelao, Sempre en Galiza





7 . SEXTO EDIFICIO DO MUSEO


No Sexto Edificio do Museo atópase a Sala Castelao que visitaremos. Poderemos comentar as distintas etapas da vida de Castelao e falar das distintas facetas como pintor, ilustrador, literato, dramaturgo, gravador e mesmo político.


MÁIS COUSAS:

. A horta dos xesuítas

Como chamariamos a un home que consentise o derrumbamento do Pórtico da Gloria? Pois é certamente máis bárbaro quen deixa morrer un idioma: obra de arte insuperable, feita con amor, con door e con ledicia polos nosos antergos, que recibimos en herdo e que temos a obriga de enriquecer co espírito do noso tempo.

Pontevedra, 1934. Prólogo de Castelao a *Antre dous séculos*, de G. Álvarez Limeses





8 . PRAZA DA PEDREIRA

Débase falar aquí da relación que tiña a cidade a principios do século XX co río. Hai multitude de relatos de como os salóns do Lérez eran unha das zonas de lecer preferidas polas pontevedresas e polos pontevedreses da época; tamén por Castelao.

Ademais, cómpre lembrar a relación que tiña a cidade co Mosteiro de Lérez a través do río.

MÁIS COUSAS:

. O gremio dos canteiros

SABELA

Cando eu andaba no estudio era un mozo das romerías, bailador e divertido. Non había festa na vila, nin nos arredores, onde non aparecese danzando como un trompo esgaravelleiro. Ai, aqueles vales, aquelas mazurcas, aquelas polcas e aquelas habaneras! Entón o agarradiño aínda era un pecado venial, e bailabamos con tino, para que os vellos non refungasen.

As mozas acoirazaban o corpo con xustillos e non consentían o arrimo; pero arrecendían a roupa gardada con mazáns e a carne lavada con xabrón de rosas. Os mozos bailabamos por darlle gusto ás pernas, e contentabámonos co cheiro...

Había na vila unha rapaza do meu tempo, xeitosa de corpo, feitiña de cara, leda de xenio, traballadora de condición, pescantina de oficio e limpa de conduta, pero picante nos dicires.

As súas verbas tiñan o labio salgado dos mariscos. Os dicires escintilaban contentamento, e nos seus arredores non podía medrar a tristura. A risa facíalle goios de amor nas fazulas, poñíalle pintiñas de malicia nos ollos e brillo de nacre nos dentes. Os andares, arfados e velaíños, facían no aire ronseis de gracia. Andaba descalza, e os engados da súa carne non tiñan segredo para os ollos de ninguén. Os pés lenes, as pernas brancas, os brazos redondiños. O corpo era un gran corazón plisado. Cantaba como un xílgaro e bailaba como un argadelo.

Era a rapaza máis fermosa da vila, e dábbase conta do seu poderío. Escarolábase, burlona, cando os señoritos forasteiros lle facían a rosca e revíase, compasiva, cando os mozos do

seu igual criaban pasmo.

Ela gustaba de contar na ribeira os perigos en que se metía, e as pescas estordegábanse de risa cos ditos da rapaza, que descubría, de miúdo, tódas as súas enchoiadas amorosas.

Ela gustaba de acender fogueiras e logo apagalas, e nos seus feitizos de serea morrían os fumes dos señoritos e as olladas dos mozos mariñeiros. Era dona de si e viviu sempre ceibe de murmuracións.

Nos días de festa parecía outra. A saia longa, a chambra de flores, o pano de oito puntas.

Unha lazada verde na trenza do pelo. A cara con certo remilgo de señoritinga. Os andares coutados, por mor dos zapatos... Deica bailar tres veces non xurdía na súa face a risa escachada dos días soltos. No retorno da festa entraba na casa cunha cantiga nos beizos e cos zapatos na man.

A primeira vez que bailei foi con ela.

Eu adicábame, nos meses de vacacións, á vida de gandaia, e cando me fixen mozo quixen ser un tunante; pero non sabía bailar amodo. Eu reloucaba por deprender ben o agarradiño e lucirme nas romerías; pero non lle daba xeito ás pernas.

Unha noite atrevínme:

— Queres que botemos esta polca?

— E ti sabes?

— Imos ver.

A rapaza comprometeuse a ensinarme, e eu pagáballe coa miña ledicia de estudante.

Empecei dando voltas á dereita. Ela levábame... “Agora dous pasiños de lado”. “Agora outra volta”. “Dálle máis aire ao corpo”. “Non saímos do sitio!”. “Ai, que burro!”. “Así, home, así”. “Agora vai ben”.

Pouco a pouco fun dependendo, e non tardei en bailar vales e mazurcas con certa mestría. Despois xa me fixen bailador e aproveitaba todas as tocatas; pero, afeito á miña compañeira, non tiña gusto en bailar con outras. De remate os dous fixemos unha das mellores parellas.

A rapaza e mais eu estabamos unidos polo baile. Ela seguía burlándose dos namorados, e eu ríame, a cachón, dos seus ditos. Queriámonos ben; pero non sentíamos desacougos amorosos. Se chegase a poñer ollo na súa fermosura burlaríase de min coma dos demais.

Con todo a miña nai reprendíame:

—Ti non es quen para comparar coa Sabela. Por que non bailas con todas? Sempre coa mesma, sempre coa mesma! Pois nin ti lle fas favor a ela nin ela cho fai a ti.

—Baila moi ben ¿sabe, miña nai?

—Bailará; pero ela é unha pesca e ti es un estudante. O baile é cousa do demo e Sabela é unha boa rapaza. Pobre de ti como non a respectes.

Miña nai, como tódas as nais, coidaba que o seu fillo era un Tenorio; pero a honradez de Sabela gardábase detrás de catro muros de cantería.

Marchei da vila cangado cun título universitario, e as preocupacións do meu vivir arredáronme das troulas. Perdín a mocidade, fixenme home; o baile chegou a parecerme cousa de parvos, e hai moitos anos que nin tan sequera vexo bailar.

Do tempo de estudante non gardei un recuncho para as lembranzas de romería, e Sabela esvaéuseme da memoria.

Cando se proclamou a República, lanceime á política e saín Deputado das Constituíntes.

A miña vila quixo agasallarme e alá fun eu.

Desembarquei baixo o estrondo das bombas e entre o entusiasmo dos vellos amigos, que acugulaban o peirán e a ribeira. O azougamento non me deixaba camiñar, e, se sodes

sentimentais, comprenderedes a miña emoción, porque a vila natal non é coma tódas as vilas.


Ceguei á casa dos meus pais, e na beira da porta vin a unha muller... Era gorda de ventre, de pernas e de brazos; a cara inflada e vermella; a boca sen dentes; a postura de regateira.

Miroume, fite a fite, cos ollos mergullados en bágoas, e ó pasar a carón dela, sioume con voz estremecida estas verbas:

—Meu bailador!

Pontevedra, 1934


Retrincos. Castelao



MORTOS QVE


DENANTES

ES CRAVOS



9 . RÚA CÉSAR BOENTE

Na rúa César Boente atopamos o Pazo da familia Mariño de Lobeira, que na súa fachada conta con dous escudos da familia. Nestes escudos inspirouse Castelao para o seu deseño do escudo de Galicia. Segue mantendo a forma con cabeza e cola de serea, pero no interior cambia as armas da familia pola lenda “denantes mortos que escravos”.







10 . PRAZA DE MÉNDEZ NÚÑEZ

Nesta praza atópase a estatua de Valle-Inclán persoeiro coetáneo de Castelao. Esta praza estaba vinculada ao mar e entronca coa tradición mariñeira que Castelao atesoura do seu Rianxo natal.

MÁIS COUSAS:

- . A casa de Méndez Núñez
- . A praza da Herba
- . Pontevedra e o mar. Rúas da Tonelaría e Peixe Fritido





II . RÚA REAL

Principal arteria da Pontevedra medieval, atravesa Pontevedra de norte a sur. O Camiño Portugués a Compostela tamén aproveita esta rúa.

MÁIS COUSAS:

. Rúa do Rego

Cando a Santa Compañía de inmortaes galegos, que acaba de pasar por diante da nosa imaxinación, se perde na espesura dunha floresta lonxana, con esa mesma imaxinación veremos xurdir do

Humus da terra-nai, da terra da nosa Terra, saturada de cinzas humáns, unha infinda moitedume

de luciñas e vagalumes, que son os seres innominados que ninguén recorda xa, e que todos xuntos

forman o substractum insobornable da patria galega. Esas ánimas sen nome son as que crearon o

idioma en que eu vos estou falando, a nosa cultura, as nosas artes, os nosos usos e costumes, i en fin,

o feito diferencial de Galiza.

Castelao, *Alba de Gloria*, 1948



ALFONSO R. CASTELAO

AS CRUCES DE PEDRA
NA GALIZ A



PUBLIC ACIONS D A REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRUÑA
1964

ALFONSO R. CASTELAO

AS CRUCES DE
PEDRA NA BRETAÑA












Seminario de Estudos Galegos
Santiago de Compostela, 1930






12 . PRAZA DAS CINCO RÚAS

Castelao foi un dos meirandes estudosos dos cruceiros, sobre todo da comarca de Pontevedra. A súa obra *As cruces de pedra na Galiza* é aínda hoxe unha obra referencial para saber cal era a situación dos cruceiros na comarca de Pontevedra no primeiro cuarto de século XX.

O cruceiro da praza das Cinco Rúas foi coñecido por Castelao na súa localización orixinal da Ribeira de Estribela.



IMPRESA
C. PERI





13 . PRAZA DO TEUCRO


Castelao en Pontevedra foi moitas cousas, pero sobre todo foi político. Foi un dos dous motores do Partido Galeguista xunto con Alexandre Bóveda, que viviu coa súa familia no primeiro andar do número 8 da praza do Teucro.

Cabe salientar tamén a imprenta de don Celestino Péon de onde saíu a primeira edición de *Os vellos non deben de namorarse*. A través desta imprenta, Castelao introduce en Galiza o gravado ao linóleo. Con esta técnica ilustrou traballos de Ramón Cabanillas, Amado Carballo, Vicente Risco etc.

MÁIS COUSAS:

- . O nome da praza da Teucro
- . A praza do Pan as epidemias de fame
- . As enfermidades contaxiosas, o río dos Gafos






14. TEATRO PRINCIPAL

A relación da Castelao co Teatro Principal vén xa da súa época de estudante en Compostela, como membro da tuna universitaria. Tamén foi testemuña este edificio da súa actividade como escenógrafo para a Coral Polifónica, da que foi membro e mesmo deseñou a súa imaxe corporativa.


Cabe salientar que neste espazo estreouse en 1916 a película *Miss Ledyá*, o filme galego de ficción máis antigo que se conserva. Está gravada en grande parte en Pontevedra e Castelao actúa como pastor protestante e como viaxeiro que baixa dun autobús.

MÁIS COUSAS:

- . San Bartolomeu o Vello
- . Primeiro cemiterio da vila



CASTELLANO



15 . PRAZA DE SANTA MARÍA

A escultura de bronce dedicada a Castelao é obra do escultor Bucifios. Foi auspiciada pola asociación Amigos da Cultura e pagada por suscripción popular, no ano 1983. Pero esta non foi a primeira homenaxe que lle fixeron os pontevedreses a Castelao; xa no ano 1951 o Centro Pontevedrés de Bos Aires homenaxeou o autor.

MÁIS COUSAS:

- . As Torres Arcebispais. Cidade de señorío
- . O Lampán dos Xudeus
- . A rúa da Amargura



PRAZA DE SANTA MARÍA

TEATRO PRINCIPAL

PRAZA DE
SAN XOSÉ

RUA DA OLIVA

CAFÉ MODERNO

PRAZA DA FERRARI

PRAZA DAS CINCO RÚAS

PRAZA
DO TEUCRO

PRAZA DE
MÉNDEZ
NÚÑEZ

RUA CÉSAR BOENTE

CASA DA LUZ

PRAZA DA
VERDURA

PRAZA DA
LEIÑA

MUSEO

PRAZA DA
PEÑERA

SEXTO EDIFICIO
MUSEO
DE PONTEVEDRA

SAN BARTOLOMEU

IGREXA DE
SAN FRANCISCO



MÁIS INFORMACIÓN:

<http://snl.pontevedra.gal/roteiro-castelao/>



Eu vivín longos anos de ledicia en Pontevedra, aferrado á fermosura dos seus arredores coma quen non pode desprenderse dos brazos mornos dunha noiva. Eu débolle a Pontevedra o mellor da miña vida, e agora padezo saudades da súa paisaxe, tristuras de non vela e esperanzas de retornar a ela. Empezo a ser vello e a vivir de recordos. Algunhas veces acode á miña memoria un canto de requintada

morriña:

Vai tan lonxe a mocidade
está tan perto o meu fin
que ás veces sinto vontade
de poñer loito por min.

Pero non é que eu enloite o meu espírito porque a mocidade fuxise de min. Eu apénome de non poder ir a Pontevedra, que é unha fonte de eterna xuventude onde se curan os alifaces de vellez. Volver a Pontevedra sería mesmo que recobrara a mocidade perdida. E así como Anteo revívía ao caer no chan, e soio morreu por non poder tocar terra, así eu me libraría da vellez, con soio pisar terra pontevedresa. Penso que se morrese no desterro, os meus ósos non se deixarían consumir até que algún anaquiño deles chegase a Pontevedra. Entón a miña alma cantaría gozosa este cantar:

Xa morrín, xa me enterrei,
e agora xa estou eiquí.
Nin a terra me comía
sen despedirme de ti.

Todo, todo pode acabarse en min, menos o amor que sinto por Pontevedra. Vivo ou morto alá irei, como se di que van os romeiros a San Andrés de Teixido, que “alá van de mortos se non van de vivos”. Pero eu espero chegar vivo para curarme das inxurias do tempo. E non entanto, vou coa imaxinación...

Para ensoñar mundos de absoluta felicidade, libre da carne mortal que afoga a vida dos vellos, eu séntome á beira do río Lérez. Pouso os meus pensamentos na beira das augas, como as ponlas caídas das árbores que dan sombra. Estou alí horas e horas, ensumido en min mesmo. Deste xeito participo da ledicia de San Amaro, cando estivo trescentos anos asexando o Paradiso a través dun buratiño dunha porta. Ou como Don Ero, o fundador de Armenteira, que tamén estivo trescentos anos escoitando a un paxariño.

Para sentir o orgullo de ser fillo da terra máis fermosa do mundo. Eu rubo ao pinal de Matalobos, que está enriba da eirexa de Salcedo. Séntome nas pedras do valado e chanto os ollos na ría que dorme entre veigas e florestas. Asisto á transformación dun día de sol en noite de luar. Alí sinto como en ningures a necesidade cósmica da patria, e sei que son un anaquiño da eternidade galega. Meu Pontevedra!

Bos Aires, 1942